



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### ASUNTO: CONCESIÓN DE PREMIOS AOS MELLORES EXPEDIENTES ACADÉMICOS DO PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO DA ESO NO IES TERRA DE SONEIRA DE VIMIANZO DURANTE O CURSO 2016-2017.

Visto o expediente tramitado para a aprobación das bases reguladoras da convocatoria ordinaria de premios aos mellores expedientes académicos do primeiro e segundo ciclo da ESO do IES Terra de Soneira de Vimianzo durante o curso 2016-2017 e as bases elaboradas por esta Alcaldía.

Visto a resolución de alcaldía núm. 596/2017, de data 08/06/2017, pola que se aprobaron as bases da convocatoria.

Visto o informe enviado polo director do IES Terra de Soneira, na que comunican os alumnos cos mellores expedientes, así como as solicitudes presentadas polos interesados.

Visto o informe proposta da técnica de cultura de data 06/07/2017.

Visto o informe de intervención.

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito.

Vista a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), delegada na Xunta de Goberno Local

Considerando o disposto na base sexta da convocatoria dos premios, esta Alcaldía, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Conceder os premios os mellores expedientes académicos do primeiro e segundo ciclo da ESO no IES Terra de Soneira de Vimianzo correspondentes ao curso 2016-2017, segundo de indica:

NOME DO GAÑADOR	REPRESENTANTE	IMPORTE
GUILLERMO DEL MORAL QUEIRO, 1º DE 2º DA ESO	ALICIA QUEIRO PEREZ	100 €
ALEJANDRA LEMA POSE, 1º DE 4º DA ESO	PURIFICACIÓN POSE CANCELA	100 €
NOA RODRÍGUEZ CANOSA, 2º DE 2º DA ESO	Mª CRUZ CANOSA GONZALEZ	50 €
LARA ROMERO CARRERA, 2º DE 4º DA ESO	CRUZ CARRERA TRILLO	50 €
<b>TOTAL</b>		<b>300 €</b>

De acordo coa base quinta da convocatoria, a concesión farase publica na web municipal e notificarase aos interesados, e os interesados deberán comunicar a aceptación ou renuncia ao premio. En calquera caso, a aceptación enténdese producida automaticamente se no prazo de oito días desde a súa publicación non se comunica o contrario.

**SEGUNDO.-** Dar traslado deste acordo aos servizos económicos do Concello para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** A concesión comunicárase a BDNS.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria acumulada, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria acumulada.